

PARADA (Lalín)

Igrexa de Santa María de Parada

NOTAS SOLTAS (FVar., 261-5/4)

Eirexa de Parada.- Moderna. Tipo xeral, sin importancia, rectangular.

(Crego moderno, cruz acetileno, etc.).

Igrexa de San Pedro de Alperiz

NOTAS SOLTAS (FVar., 261-5/4)

San Pedro (?) de Alperiz.

Románico, tipo rural. (Nun lugar que debe visitar a sec. de Etnografía).


Onde hai pedra de grá ten importancia o románico. Na pizarra fanse eirexas sin carácter, [anhistóricas], como as de Lebozán e Zobra.

Ousia rectangular, corpo id[éntico] corte, sagristía ao S.

Portada exterior con unha soia arquivolta de billetaxe exterior. Capités entregos, con faixa de impostas un pouco prolongada no muro. Arco que somella lixeiramente apuntado. Dintel extraño, como o da porta lateral de unha peza

(Bosquexo da portada lateral).





Non canzorros, senón saínte grande da derradeira
pedra das xambas

(Bosquexo do saínte da xamba).

[Piñón] partido por espadana sinxela nova, do XVIII ou XIX.

Capiteles moi sinxelos de follas, e o da epístola de follas e
bolas. Canicelos de corte triangular sinxelos, un de (en
blanco)



(Bosquexo de capitel)


Na ousia non os hay, soio
moldura moi breve ou con bolas .

No fondo nada.

A ventá do fondo é soio unha
saeteira.

Mais outas as pedras.


A ousia será cicais refeita.



O interior máis baixo,
Arco trunfal con imposta
de (*bosquexo de
decoración romboidal*) no
evanxeo e de bolas na
epístola.


Capiteles (*bosquexo*).

Imaxe de pedra de S.
Pedro do XIV-XV.



Teito de madeira, como o do Museo de Pontevedra.

Pías (*Bosquexos das pías*).



Outro canicelo

(Bosquexo do canzorro).




O mesmo.

Restos de banco con toro

Na portada, corte das xambas

(Bosquexo do perfil do corte).



Alperiz.

- A semente de toxo nas eiras (o estralar [asi ten] un bruido como o das cobras)
- Temos que retratar unha familia labrega.